



## Concello de Vigo

### ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

#### 6.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO. FASE I. EXPTE. 442/440.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 29.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

- \* Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

| EMPRESA              | Total |
|----------------------|-------|
| MOVEXVIAL            | 94,92 |
| HIDROSCIVIL          | 93,00 |
| C. ALDASA            | 92,88 |
| ORESA                | 92,70 |
| EIRIÑA               | 92,10 |
| CONSLAR              | 92,00 |
| XESTIÓN AMBIENTAL    | 92,00 |
| CONST., OBRAS, VIAIS | 91,95 |
| SERCOYSA             | 91,82 |
| FOMENTO DE ARIDOS    | 89,82 |
| OBRAS, CAMINOS, ASF. | 89,11 |
| PACSA                | 88,43 |
| COMSA                | 87,00 |
| ANTALSIS             | 86,84 |
| EOC                  | 86,69 |
| HNOS. MALVAR         | 85,42 |
| CONST. CRESPO        | 84,41 |
| OREGA                | 84,30 |
| JESUS MTNEZ.         | 83,86 |
| ORECO                | 82,78 |
| UTE PROYECTA         | 81,71 |
| CONST. VALE          | 69,32 |

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís JSTOP, ESPINA, UTE AQUALIA, BARDERA e ALVAC por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, MOVEXVIAL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, MOVEXVIAL S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 668,04 €.

Este acordo foi notificado ó citado licitador o día 23 de decembro de 2010, que presenta a documentación requirida en data 28 de decembro de 2010, dentro do prazo sinalado.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 135.4 LCSP).

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas, circunstancias que concorren no presente caso.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á mercantil MOVEX VIAL,S.L. o procedemento aberto para a contratación da OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO FASE I (EXPTE.442-440) por un prezo total de 900.000,16 euros (IVE incluído).



## Concello de Vigo

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil dez.

lp

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Alvarez.

